

Texto lido no Encontro literario “**EN VOZ ALTA, POLA RECUPERACIÓN DA RÍA**”. organizado pola Asociación Cultural Maio Longo no Teatro Principal de Pontevedra o día 10 de maio de 2005.
(Posteriormente publicado no número 1.174 do periódico *A Nosa Terra* na semana do 5 ao 11 de maio de 2005)

A voz da ría

Hoxe non veño falar por min. Non vou contar nada que saíse da mente miña. Quero ser a voz da ría, a voz de todos eses que nunca falan, de todos eses que aturan unha existencia sempre silenciada. Mentiría se dixese que son o autor de tan sequera unha soa destas palabras...

O único que fixen foi achegarme á beiramar un día calquera, a unha praia calquera, tanto ten o nome que lle poñades. Cando estaba a dous ou tres pasos da auga deiteime no chan para poñer a testa con todo coidado a rentes das areas. Quería sentir o corazón do mar, ese que impulsa as ondas no seu xogo co vento, ese latexo que turra das augas para provocar as mareas.

Foi entón cando escoitei a súa voz...

Quen se atreve a dicir que as criaturas do mar non teñen fala, se foron elas quen ditaron todas estas palabras?

Falo polas miñocas que furan na terra incesantemente por debaixo da auga,

Falo polas ameixas, polos caramuxos, polos berberechos, polos mexillóns e polas navallas,

Falo polos xurelos, polas sardiñas, polas sollas, incluso polos muxos, e como non polos polbos, polas luras e polas raias,

Falo polos lumbrigantes e polas nécoras, por todos e cada un dos caranguexos e polas centolas. Quen se atreve a dicir que por seren crustáceos non falan?

Erguín a testa da area sorprendido, un pouco desconcertado, por todas as cousas que contaban.

Chegou entón aos meus ouvidos o chío incesante das gaviotas.

Faláronme do ar, do ar limpo e transparente, de todas e cada unha das súas moléculas.

Quero falar entón por elas, e tamén polos araos, e polos corvos mariños, que manteñen na ría as máis interesantes conversas,

Quero falar polas criaturas que esvaran ceibes pola inmensidade do ceo, por todas, dende as máis grandes até as máis pequerrechas,

Quero falar polas cousas que oín que comentaban entre elas...

Decateime nese intre de que a illa de Tambo andaba a moverse dun lado para outro coa elegancia dunha señora marquesa, debuxando nas montañas a escuridade verde da súa silueta.

Movíase con pudor, case con vergoña, coma alguén que intenta ocultar aquilo que máis o atormenta.

Vogaba lentamente, coa parsimonia dunha vella gamela.

Intentaba agachar coa súa inmensidade a un dragón fedorento de varias chemineas.

Un dragón de varias bocas a botar o bafo irrespirábel dunha halitose inmensa.

Un dragón de boca mal aseada e cheirenta que ten ás criaturas todas sometidas baixo a súa gadoupa porcalleira.

Onde está a cidade, que ninguén pode dar con ela?

Anda quizais adurmiñada, aparvada, atordada, submisa ...

Anda lela ou anda cega?

Preguntáronme indignadas as criaturas todas da ría ese día en que falei con elas, logo de deitarme na praia para poñer a orella na area.

Onde están as xentes de ben de Pontevedra?

Onde están as xentes todas?, repetían con impaciencia...

Por que non corren a botar abaixo esas noxentas chemineas?

Por que non corren a botar abaixo esas noxentas chemineas?

E xúrovos que eu non escribín nin unha soa de todas estas letras!